

r
festo a necesidade de establecer algúns prazos en relación coa ordenación do procedemento administrativo, aclarar algúns conceptos que resultaron contradictorios na súa aplicación, establecer con carácter xeral condicións que se sinalaron para casos particulares e aclarar que o destinatario final das sementes comercializadas por solto é o agricultor.

Así mesmo, a globalización dos mercados e a comercialización en España de variedades procedentes dos catálogos comúns da Unión Europea aconsella homoxeneizar as condicións técnicas que deben cumprir as sementes con obxecto de non esixir á produción nacional condicións máis estrictas que as esixidas para as sementes procedentes da Unión Europea.

Na súa virtude, dispoño:

Artigo 1. Modificación da Orde do 23 de maio de 1986 que aproba o Regulamento xeral técnico de control e certificación de sementes e plantas de viveiro.

1. Modifícase o derradeiro inciso da alínea a) do número 40 bis, que queda redactado como segue:

«A autoridade competente, unha vez comprobado que a entidade productora de sementes cumpre os requisitos pertinentes e que esta reúne as condicións adecuadas para poder aplicar este sistema de comercialización, comunicarlle no prazo de dez días os resultados de tales comprobacións, establecendo o plan de inspeccións e toma de mostros correspondentes.»

2. Modifícase o derradeiro inciso da alínea b) do número 40 bis, quedando redactado como segue:

«Unha vez finalizadas as análises pertinentes realizadas pola dita entidade, deberase remitir á autoridade competente, previamente á precintaxe oficial da semente, a información relativa a cantidade, porcentaxe de pureza e porcentaxe de xerminación desa partida.»

3. Modifícase a alínea e) do número 40 bis, que queda redactada como segue:

«O dispositivo de carga dos envases ou recipientes que conteñan a semente aludida anteriormente deberá permanecer precintado e etiquetado ata que a autoridade competente autorice un novo enchemento do recipiente, segundo o anteriormente exposto e de acordo coas condicións que aquela establece.»

4. Modifícase o parágrafo terceiro e engádese un parágrafo cuarto á alínea f) do número 40 bis, que queda redactado como segue:

«O recipiente utilizado polo consumidor final deberá ser fechado despois do seu enchemento e deberá ser etiquetado de acordo co establecido no número 22 deste regulamento.

Non obstante o anterior, a etiqueta poderá ser substituída polo albará do fornecedor, sempre que conteña os datos esixidos no número 22 deste regulamento relativo ás etiquetas.»

Artigo 2. Modificación da orde do 1 de xullo de 1986 pola que se aproba o Regulamento técnico de control e certificación de sementes de cereais.

Modifícase o anexo número 2, requisitos das sementes, nos seguintes termos:

a) Na columna 3, relativa á pureza varietal do trigo, cebada, avea e espelta menor para semente

R-2, a porcentaxe de pureza pasa a ser de 99 por 100.

b) Na columna 3, relativa á pureza varietal do arroz para semente R-2, a porcentaxe de pureza pasa a ser de 99 por 100.

c) Na columna 4, relativa a presenza máxima de sementes doutras especies do arroz para semente R-2, pasa a ser de 15.

d) Na columna 5, relativa á presenza máxima de sementes doutros cereais para o trigo, cebada, avea e espelta menor para semente R-1, pasa a ser de 7.»

Artigo 3. Modificación da Orde do 1 de xullo de 1986 pola que se aproba o Regulamento técnico de control e certificación de sementes e plantas forraxeiras.

1. Modifícase o anexo I, requisitos das sementes, número B, sementes de base, nos seguintes termos:

No cadro 2, na columna 5, relativa ó número máximo de sementes doutras especies para o Medicago lupulina pasa a ser de 5.

2. Modifícase o anexo II, peso dos lotes e das mostros, nos seguintes termos:

Na columna relativa ó peso máximo do lote en toneladas para a Vicia Villosa, o peso pasa a ser de 20.

Disposición derradeira primeira. Título competencial.

Esta orde dítase ó abeiro do artigo 149.1.13 da Constitución, que atribúe ó Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira segunda. Entrada en vigor.

Esta disposición entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 11 de decembro de 2002.

ARIAS CAÑETE

MINISTERIO DE CIENCIA E TECNOLOXÍA

24532 *ORDE CTE/3190/2002, do 5 de decembro, pola que se modifican as instrucións técnicas complementarias MIHFO02, MIHFO04 e MIHFO09 do Regulamento de seguranza para instalacións frigoríficas. («BOE» 301, do 17-12-2002.)*

O Real decreto 3099/1977, do 8 de setembro, aprobou o Regulamento de seguranza para instalacións frigoríficas, e na súa disposición adicional cuarta facultou o Ministerio de Industria e Enerxía para dictar as disposicións e normas necesarias para o desenvolvemento do establecido nel.

Así, por orde do 24 de xaneiro de 1978, aprobáronse as instrucións técnicas complementarias (ITC) do dito regulamento, denominadas MI-IF.

No preámbulo desa orde prevese que as ITC deben ser obxecto no futuro das revisións que esixa a nece-

sidade de adaptalas ó desenvolvemento e evolución da técnica.

Posteriores ordes ministeriais foron adaptando ó progreso e modificando as diferentes instrucións técnicas complementarias e, por ordes do 23 de novembro de 1994, do 24 de abril de 1996, do 23 de decembro de 1998, e do 29 de novembro de 2001, modificáronse as instrucións MI-IF002, MI-IF004, MI-IF009 e MI-IF0010.

Os acordos internacionais adoptados no Protocolo de Montreal, os regulamentos e decisións da Unión Europea, prohiben a produción de clorofluorocarbonos (CFC) a partir do 1 de xaneiro de 1995 e limitan e nalgún caso prohiben determinados usos de hidroclofluorocarbonos (HCFC).

Todo isto propiciou a aparición de novos refrixerantes alternativos, de características debidamente contrastadas polos organismos internacionais. Para autorizarlo seu uso faise precisa a súa inclusión nas correspondentes táboas das ITC, xa que estas teñen carácter restrinxido e deben ser modificadas expresamente.

1. Instrucción técnica complementaria MI-IF002.

1.1 Amplíase o grupo primeiro «Refrixerantes de alta seguranza» da táboa I, sobre clasificación dos refrixerantes, coa inclusión dos que se indican a seguir:

TÁBOA I

Grupo primeiro: Refrixerantes de alta seguranza

N.º de identificación do refrixerante	Nome químico	Fórmula química	Peso molecular	Punto de ebulición en °C a 1'013 bar
R-410 A	Difluormetano (R-32) 50% Pentafluoretano (R-125) 50%	CH_2F_2 CHF_2-CF_3	72,58	-51,53

1.2 Amplíase o grupo primeiro «Refrixerantes de alta seguranza», da táboa II, sobre os efectos fisiolóxicos dos refrixerantes, coa inclusión dos seguintes que a seguir se indican:

TÁBOA II

Efectos fisiolóxicos dos refrixerantes

N.º de identificación	Nome químico	Fórmula química	Porcentaxe en volume de concentración no aire			Características	Advertencias
			Lesión mortal ou importante en poucos minutos	Perigoso de 30 ós 60 minutos	Inocuo dunha a dúas horas		
R-410 A	Difluormetano Pentafluoretano	CH_2F_2 50% CHF_2-CF_3 50%	17,2 *	13,8	6,9	a, b	2

As letras da columna «características» significan:

- a) A altas concentracións producen efectos soporíferos.
- b) A altas concentracións provoca unha diminución da capacidade de osíxeno orixinando sufoco e perigo de asfixia.

O número da columna «advertencia» significa:

(2) Producen gases de descomposición tóxica en presenza de chama.

* Estes valores son os mínimos que xunto coa presenza de adrenalina no sangue (como consecuencia de tensión, nerviosismo ou ansiedade) pode ocasionar sensibilización cardíaca.

2. Instrucción técnica complementaria MI-IF004.

Amplíase a táboa I, sobre carga máxima de refrixerante do grupo primeiro por equipamento, utilizando sistemas de refrixeración directos, coa inclusión dos que se indican a seguir:

Na elaboración desta orde ministerial cumpriuse o trámite de consulta ó Consello Xeral de Consumidores e Usuarios e foron oídos os sectores afectados.

Esta disposición foi sometida ó procedemento de información en materia de normas e regulamentacións técnicas e de regulamentos relativos ós servizos da sociedade da información regulados no Real decreto 1337/1999, do 31 xullo, para os efectos de dar cumprimento ó disposto na Directiva 98/34/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de xuño, modificado pola Directiva 98/48/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de xuño.

Na súa virtude, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Primeiro.—Modificación das instrucións técnicas complementarias MI-IF002, MI-IF004 e MI-IF009, do Regulamento de seguranza para instalacións frigoríficas.

Modifícanse as instrucións técnicas complementarias MI-IF do Regulamento de seguranza para instalacións frigoríficas na forma que se indica a seguir:

TÁBOA I

a	b	c	d
R-410 a	Difluorometano Pentafluoretano	CH ₂ F ₂ 50% CHF ₂ —CF ₃ 50%	0,3

a = Denominación simbólica numérica do refrixerante.
b = Nome químico común do refrixerante.
c = Fórmula química do refrixerante.
d = Carga máxima en quilogramos por metro cúbico de espazo habitable.

3. Instrucción técnica complementaria MI-IF009.

Amplíase a táboa que recolle o valor do factor f, para a determinación da capacidade mínima de evacuación da válvula de seguranza, coa inclusión dos que se indican a seguir:

Refrixerante	f
R-410 A	730

Segundo.—Entrada en vigor.

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 5 de decembro de 2002.

PIQUÉ I CAMPS

Excmo. Sr. Secretario de Estado de Política Científica e Tecnoloxía.

24533 *ORDE CTE/3191/2002, do 5 de decembro, pola que se tipifican novas reformas de importancia e se modifican os anexos I e II do Real decreto 736/1988, do 8 de xullo, polo que se regula a tramitación de reformas de importancia de vehículos de estrada e se modifica o artigo 252 do Código da circulación.* («BOE» 301, do 17-12-2002.)

A experiencia adquirida pola aplicación do Real decreto 736/1988, do 8 de xullo, as correccións aparecidas na Orde do Ministerio de Industria e Enerxía do 22 de maio de 1989, así como en consideración da incidencia que presentan sobre a seguridade vial certas reformas que se veñen realizando sobre os vehículos, non tipificadas ata o momento, aconsellan a súa incorporación para efectos de controla-la execución destas reformas.

Adicionalmente, a derogación de varios artigos do Código da circulación polo Regulamento xeral de vehículos, en particular o artigo 252, que eximía do cumprimento do Real decreto 736/1988 os vehículos especiais agrícolas e os vehículos especiais de obras, deriva en que os citados vehículos tamén están afectados polo citado real decreto.

Doutra parte, a experiencia adquirida polos laboratorios oficiais encargados dos ensaios de homologación de funcións parciais, tanto nos propios ensaios de homologación como nas verificacións necesarias para o control da conformidade de produción, fai posible que os laboratorios poidan informar con respecto a estes requisitos técnicos, o que, sen dúbida, resulta aconsellable

que sexan esixidos ós vehículos sometidos a unha ou varias reformas, evitando así que non se controle o cumprimento coa regulamentación esixida no Real decreto 2028/1986, do 6 de xuño, sobre as normas para a aplicación de determinadas directivas da CE, relativas á homologación de tipo de vehículos automóbiles, remolques, semirremolques, motocicletas, ciclomotores e vehículos agrícolas, así como de partes e pezas destes vehículos, ós vehículos modificados pola vía do Real decreto 736/1988.

A disposición derradeira do citado Real decreto 736/1988 autoriza o Ministerio de Industria e Enerxía, as competencias do cal nesta materia foron asumidas polo Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía, para modificar por orde os anexos do citado real decreto, así como para tipificar novas reformas adicionais ás indicadas no artigo segundo.

Do mesmo xeito, a disposición derradeira primeira do Real decreto 2822/1998, do 23 de decembro, polo que se aproba o Regulamento xeral de vehículos, faculta o suprimido Ministerio de Industria e Enerxía para dictar ou promover, no ámbito das súas competencias, as disposicións necesarias para a aplicación do establecido no regulamento, habilitación que se utiliza para a redacción do punto terceiro desta orde.

Esta disposición foi sometida ó procedemento de información en materia de normas e regulamentacións técnicas previsto no Real decreto 1337/1999, do 31 de xullo, polo que se aplican as disposicións da Directiva 98/34/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de xuño.

Esta disposición dítase ó abeiro da competencia estatal exclusiva sobre bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, prevista no artigo 149.1.13.^a da Constitución española, así como a competencia sobre vehículos de motor prevista no seu artigo 149.1.21.^a

Na súa virtude, dispoño:

Primeiro. *Modificación da tipificación das reformas.*

1. Renumérase a reforma número 32, «Cambio dalgunha das características indicadas na tarxeta ITV do vehículo e non incluída nos casos anteriores», e pasa a se-la reforma número 46 das recollidas no artigo 2 do Real decreto 736/1988, do 8 de xullo.

2. Agréganselle as seguintes reformas de importancia ó artigo 2, «tipificación das reformas» do Real decreto 736/1988, do 8 de xullo.

Reforma número 32: Substitución do ou dos depósitos de carburante líquido ou a adición de depósito(s) auxiliar(es).

Reforma número 33: Incorporación de ramplas, elevadores ou sistemas doutra natureza para facilita-lo acceso ou a saída de persoas.

Reforma número 34: Incorporación de ramplas, elevadores ou sistemas doutra natureza para facilita-la carga e descarga de mercadorías.

Reforma número 35: Incorporación de mecanismos para a tracción do vehículo distintos dos seus propios medios de propulsión ou para a tracción doutro vehículo.